

Resumo dos requisitos para acadar o título de produtor de plantas de viveiro de vide

	Produtores seleccionadores	Produtores multiplicadores
Traballos	Cada produtor, por si mesmo ou agrupado, deberá iniciar, na primeira campaña a partir da concesión do título , os traballos necesarios para a selección de variedades tanto de patróns como viníferas.	Inclúense nesta categoría os viveiristas que van producir plantas de viveiro estándar ou pretenden producir certificadas adquirindo os patróns e enxertos de base para establecer os seus campos de cepas nais a un produtor seleccionador.
Técnicos	Deberán dispoñer, como mínimo, dun técnico superior Enxeñeiro Agrónomo especializado na produción de plantas de viveiro con adicación exclusiva.	Deberán dispoñer, como mínimo, dun técnico especializado en plantas de viveiro.
Campos de produción	Dispoñer da superficie necesaria, xa sexa en propiedade ou arrendada, que garantice a continuidade dos procesos de produción. Para o cálculo desta superficie terase en conta que a produción de plantas de viveiro de base e certificadas se debe realizar directamente polos produtores, quedando prohibido todo tipo de contrato de produción con terceiros.	Campos en condicións técnicas axeitadas.
Instalacións e maquinaria	<p>-Cámaras acondicionadas para a conservación e a estratificación de estaquiñas, estacas e enxertos.</p> <p>-Invernadoiros e umbráculos para a multiplicación do material vexetal.</p> <p>-Maquinaria para a desinfección de substratos, no seu caso.</p> <p>-Maquinaria para tratamentos fitosanitarios.</p> <p>-Laboratorios.</p> <p>-Almacén para a preparación e a conservación de plantas de viveiro.</p> <p>-Oficinas axeitadas ao seu movemento comercial.</p>	<p>-Maquinaria para tratamentos fitosanitarios.</p> <p>-Almacén e instalacións para a preparación e a conservación de plantas de viveiro.</p> <p>-Oficinas administrativas.</p>